

ÍNDICE CATÁLOGO MEMORIA (INNECESARIDADE)

PROSPECCIÓN DO ÁMBITO	2
-----------------------------	---

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS (PE-2)

EQUIPO REDACTOR:

DIRECTORA: IRIA PÉREZ MIRANDA

EQUIPO: MIGUEL A. ABAD BLANCO - ANTONIO DEUS- ÁLVAREZ - IGNACIO LÁZARO QUINTELA

CONCELLO DE CARBALLO

AD
MARZO 2023

PROSPECCIÓN DO ÁMBITO

O PXOM de Carballo foi aprobado definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG nº 39, 26/02/2016 e BOP nº38, 26/02/2016) e non identifica no ámbito ningún elemento de patrimonio cultural.

O PXOM de Carballo recabou o preceptivo informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16 de xuño de 2014 polo que unha vez transcorridos 5 anos desde a data do devandito informe deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería segundo o previsto no artigo 34.3 da LPCG.

Neste senso e en resposta ó informe resultado da consulta realizada no proceso de información pública do DAE e Borrador, a D. X. de Patrimonio Cultural emite informe de data 1 de marzo de 2018 no que conclúe:

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións no Plan Especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo Arnados.

Unha vez aprobado inicialmente o PEPID, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que deberá achegar o informe debidamente dilixenciado.

No Documento de Alcance para a Avaliación Estratéxica Ordinaria do PEPID con resolución de data 8 de xuño de 2018 sinala neste senso o seguinte:

3. Consultas Realizadas a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural indica que:

“calquera actuación no territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural, requirindo da súa identificación, caracterización e análise da súa integración. No caso de ser necesario, realizarase unha prospección exhaustiva do ámbito e delimitarase o contorno de protección para a súa inclusión no Catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.”

4. Consideracións para a integración dos aspectos ambientais e a sustentabilidade no Plan indícase que:

“se ben no Catálogo do PXOM vixente non figura ningún ben dentro do ámbito do Plan Especial, de acordo coa determinación 9.3 das DOT levarase a cabo unha prospección exhaustiva dos terreos afectados e da súa contorna co obxecto de identificar posibles

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS (PE-2)

CONCELLO DE CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

DIRECTORA: IRIA PÉREZ MIRANDA

EQUIPO: MIGUEL A. ABAD BLANCO - ANTONIO DEUS- ÁLVAREZ - IGNACIO LÁZARO QUINTELA

AD

MARZO 2023

bens con valores merecedores de protección e establecer as medidas adecuadas. Segundo o sinalado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dita prospección non será necesaria no caso de contar cunha prospección destas características feita cunha antigüidade menor de 5 anos no ámbito (artigo 34.3 da LPCG)."

Atendendo á Determinación 9.3 das DOT tanto indicada no informe de Patrimonio Cultural como recollido no Documento de Alcance, realizouse unha prospección do ámbito do Plan Especial, co obxecto de identificar a existencia de bens con valores merecedores de protección e incorporalos no seu caso a un Catálogo do PE.

Esta prospección realizouse entre os meses de decembro do ano 2017 e inicio do ano 2018 percorrendo a totalidade do ámbito como o seu contorno.

Como resultado desta prospección se obteñen as seguintes conclusións:

- a) As edificacións do interior do ámbito son todas de recente construción e de escaso valor tanto arquitectónico como patrimonial, non atopándose elementos merecedores de protección patrimonial.
- b) No entorno próximo ao ámbito do Plan Especial se atopan dous elementos catalogados polo PXOM: A Capela de Santa Mariña do Mar (AR-1302) en Razo da Costa e un Muiño en Razo da Costa (CP-1301) no lugar de Arnados, non atopando outros elementos merecedores de unha protección máis aló das consideracións específicas que o PXOM de Carballo fai para as edificacións situadas nos núcleos rurais.

Polo tanto, o resultado da prospección é que non se atopou ningún elemento que se puidera considerar merecedor de protección polo que non é precisa a redacción dun Catálogo específico de bens a protexer para o Plan Especial.

Por outra banda, na tramitación da presente Plan Especial deberase ter en conta o disposto no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), referente aos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio, que se transcriben a continuación:

- No caso de plans, programas ou proxectos sometidos a un procedemento de avaliación ambiental, o organismo competente para a súa tramitación solicitará o informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural segundo o establecido na normativa reguladora dos ditos procedementos de avaliación ambiental. As condicións e conclusións deste informe incluíranse nos resultados do informe ambiental que corresponda.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS (PE-2)

CONCELLO DE CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

DIRECTORA: IRIA PÉREZ MIRANDA

EQUIPO: MIGUEL A. ABAD BLANCO - ANTONIO DEUS- ÁLVAREZ - IGNACIO LÁZARO QUINTELA

AD

MARZO 2023

- Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico serán sometidos ao informe preceptivo e vinculante da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Os documentos que se elaboren deberán ter en conta as medidas necesarias para a salvagarda dos bens culturais existentes e a incorporación integrada ás súas previsións e, tras aprobarse inicialmente, serán remitidos para o seu informe, que será emitido no prazo de tres meses. Tras transcorrer o devandito prazo desde a data de entrada da solicitude de informe no órgano competente para a súa emisión, entenderase que este é favorable.

- Os procedementos descritos neste artigo serán de aplicación tamén no caso de revisións ou modificacións dos plans, programas ou proxectos.

No trámite de información pública solicitouse o preceptivo informe sectorial en materia de Patrimonio cultural sendo emitido este en senso favorable.

Firman o presente en marzo de 2023

Directora do Plan:

Iria Pérez Miranda (arquitecta Colexiada 3194 do COAG)



Equipo redactor:


Miguel Angel Abad Blanco (arquitecto Colexiado 1877 do COAG)



Antonio Deus Alvarez (arquitecto Colexiado 1875 do COAG)



Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto Colexiado 3877 COAG)



PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS E DOTACIONES EN RAZO- ARNADOS (PE-2)

EQUIPO REDACTOR:

DIRECTORA: IRIA PÉREZ MIRANDA

EQUIPO: MIGUEL A. ABAD BLANCO - ANTONIO DEUS- ÁLVAREZ - IGNACIO LÁZARO QUINTELA

CONCELLO DE CARBALLO

AD
MARZO 2023